

IV. OPOSICIÓNS E CONCURSOS**CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E DEPORTES**

RESOLUCIÓN do 5 de xuño de 2025, da Dirección Xeral de Xustiza, pola que se resolve definitivamente o concurso de traslados ordinario para prazas vacantes entre persoal funcionario dos corpos e escalas de xestión procesual e administrativa, tramitación procesual e administrativa e auxilio xudicial da Administración de xustiza, anunciado pola Resolución do 16 de xaneiro de 2025.

A Dirección Xeral de Xustiza, coordinadamente co Ministerio da Presidencia, Xustiza e Relacións coas Cortes, de conformidade co disposto no artigo 524 e seguintes da Lei orgánica 6/1985, do 1 de xullo, do poder xudicial, modificada pola Lei orgánica 19/2003, do 23 de decembro, e pola Lei orgánica 4/2018, do 28 de decembro; no artigo 43 e seguintes e a disposición derogatoria única do Regulamento de ingreso, provisión de postos de traballo e promoción profesional do persoal funcionario ao servizo da Administración de xustiza, aprobado polo Real decreto 1451/2005, do 7 de decembro, e coa base novena da Orde PJC/51/2025, do 16 de xaneiro, pola que se convoca concurso de traslados entre persoal funcionario dos corpos e escalas de xestión procesual e administrativa, tramitación procesual e administrativa e auxilio xudicial da Administración de xustiza (*Boletín Oficial del Estado* do 24 de xaneiro), dispuxo:

Primeiro. Resolver de forma definitiva o concurso de traslados entre persoal funcionario dos corpos e escalas de xestión procesual e administrativa, tramitación procesual e administrativa e auxilio xudicial da Administración de xustiza convocado pola Orde PJC/51/2025, do 16 de xaneiro, tal e como se relaciona no anexo.

Segundo. Excluir do concurso de traslados o persoal funcionario que se relaciona na páxina web do Ministerio da Presidencia, Xustiza e Relacións coas Cortes:

<https://www.mjusticia.gob.es/é/ciudadania/emprego-publico/concursos-traslados/concurso-ordinario-gta-2024>

– Indicar na páxina web sinalada anteriormente as preferencias que se tiveron en conta na resolución definitiva do concurso.

Terceiro. Declarar caducadas as instancias presentadas polas persoas participantes neste concurso que non obtiveron destino, polo que non serán tidas en conta en futuros concursos de traslados.

CVE-DOG: t50sfjv2-j522-e8f1-sbn3-g6vpu5kznr7



Cuarto. Declarar desertas as prazas non adxudicadas neste concurso, que serán cubertas por persoal funcionario de novo ingreso, agás que, por necesidades do servizo, se pretendan amortizar. Tamén poderán anunciarse novamente como vacantes en concurso ordinario no caso de que non se convoquen procesos selectivos ou de que a oferta pública de emprego que corresponda non faga necesario o anuncio de todas as desertas existentes.

Quinto. Para o persoal funcionario que estea en activo ou en servizos especiais e non reingrese en ningún dos corpos ou escalas a que se refire este concurso, non incluíndose nese punto o persoal funcionario que se encontre reingresado provisional, o cesamento deberá efectuarse nas datas que a continuación se indican: tramitación procesual e administrativa, o 20 de xuño de 2025, venres; xestión procesual e administrativa e auxilio xudicial, o 24 de xuño de 2025, martes.

Aquel persoal funcionario que estea desempeñando un posto de traballo en comisión de servizos non será necesario que se desprace ao órgano xudicial de orixe que teña reservado para formalizar o cesamento e pode realizalo no órgano en que estea a prestar servizos, para o cal as xerencias farán chegar os documentos ao órgano en que o concursante estea desempeñando a comisión. O prazo posesorio que lle corresponde gozar a este persoal contarase tendo en conta a localidade do posto que está a desempeñar efectivamente en comisión, non a do que tivese reservado, e a localidade do obtido no concurso.

Sexto. A toma de posesión do novo destino obtido por concurso para o persoal funcionario indicado no punto anterior producirase nos tres días hábiles seguintes ao cesamento, se non hai cambio de localidade do persoal funcionario, ou nos oito días hábiles seguintes se implica cambio de localidade dentro da comunidade autónoma, e vinte días hábiles seguintes se implica cambio de comunidade autónoma, con excepción da Comunidade Autónoma de Canarias, Comunidade Autónoma de Illes Balears, Cidade de Ceuta e Cidade de Melilla, en que será no mes seguinte, tanto se o posto de traballo nas illas ou nas cidades é o de orixe coma se é o de destino. O cesamento e o cómputo dos prazos posesorios produciranse cando finalicen os permisos ou licenzas, incluídos os de vacacións, que fosen concedidos ás persoas interesadas; nese caso, o cesamento efectuarase o mesmo día da incorporación das devanditas persoas ao seu posto de traballo, e comezará entón a contarse o prazo posesorio correspondente. Unha vez efectuada a toma de posesión, o prazo posesorio considerarase como de servizo activo para todos os efectos. O prazo posesorio será retribuído pola Administración competente respecto á praza obtida en concurso.

CVE-DOG: t50sfjv2-j522-e8f1-sbn3-g6vpu5kznrr7



Sétimo. Se a resolución comporta reingreso ao servizo activo á Administración de xustiza nos corpos ou escalas de xestión procesual e administrativa, tramitación procesual e administrativa o auxilio xudicial, procedentes desde as situacións administrativas de excedencia voluntaria polo coidado de familiares, excedencia voluntaria por prestación de servizos no sector público, excedencia voluntaria por interese particular, excedencia voluntaria por agrupación familiar ou suspensión de funcións, incluíndo neste punto o persoal funcionario que se atope adscrito provisional, o prazo posesorio será de vinte días hábiles e deberá de computarse desde o día da publicación desta resolución no *Boletín Oficial del Estado*. Este prazo posesorio non será retribuído.

No caso de que o persoal funcionario reingresado por medio deste concurso estea adscrito provisional no corpo ou escala onde reingresa ou en activo noutro corpo ou escala da Administración de xustiza e non queira que se interrompa a súa relación de servizo coa Administración de xustiza, bastará con que, dentro do prazo posesorio de vinte días hábiles tome posesión no novo corpo ou escala, téndoo por cesado no seu antigo destino coa data inmediatamente anterior á da súa posesión na nova praza de reingreso. Para o efecto, dada a necesidade de contar co tempo indispensable para efectuar a toma de posesión, poderá solicitarlle ao Departamento Territorial da Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes (Servizo de Xustiza), ou ben á Xerencia Territorial de Xustiza do seu actual destino, un permiso retribuído de dous días hábiles se hai cambio de localidade, agás aqueles casos en que se deban desprazar a Canarias, Illas Baleares ou Ceuta e Melilla; neste caso, o permiso poderá ser de ata tres días hábiles e deberá gozarse, en calquera caso, dentro do prazo posesorio. A toma de posesión no novo destino efectuarase durante os días de permiso indicados.

A comunidade autónoma competente, ou a xerencia territorial que corresponda, concederlle a excedencia de oficio no corpo ou escala de procedencia se esta se produce nun corpo ou escala ao servizo da Administración de xustiza, en cuxo destino se terá por cesado/a coa data anterior á da súa posesión nos corpos ou escalas de xestión procesual e administrativa, tramitación procesual e administrativa o auxilio xudicial, co obxecto de evitar a interrupción na percepción dos seus haberes.

O persoal funcionario titular que obtivese destino neste concurso e estea a desempeñar en Galicia unha praza en Comisión de Servizos ou en substitución cesará nesta na mesma data do cesamento no seu posto definitivo de orixe.

O persoal funcionario interino que actualmente ocupe as prazas que foron adxudicadas, cesará como consecuencia da posesión do titular.

CVE-DOG: t50sfjv2-j522-e8f1-sbh3-g6vpu5kznr7



Por cuestións organizativas, tanto os cesamentos como as tomas de posesión realízanse preferentemente de maneira telemática, a través do correo electrónico do servizo de xustiza do departamento territorial da Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes correspondente, para o cal a persoa interesada deberá pórse en contacto co servizo de xustiza da provincia competente para tramitar o cesamento ou a toma de posesión a través do correo electrónico.

- Departamento Territorial da Coruña (Servizo de Xustiza).

Rúa Vicente Ferrer, 2, Edificio Administrativo Monelos, 15008 A Coruña.

Teléfonos: 981 18 44 72/981 18 44 56.

Correo electrónico: servizo.xustiza.coruna@xunta.gal

- Departamento Territorial de Lugo (Servizo de Xustiza).

Rolda da Muralla, núm. 70, 27071 Lugo.

Teléfonos: 982 29 43 08/982 88 90 77.

Correo electrónico: persoal.presidencia.lugo@xunta.gal

- Departamento Territorial de Ourense (Servizo de Xustiza).

Avenida de La Habana, núm. 79, 32004 Ourense.

Teléfonos: 988 38 64 08/988 38 60 28.

Correo electrónico: sxsa.xustiza.ourense@xunta.gal

- Departamento Territorial de Pontevedra-Vigo (Servizo de Xustiza).

Rúa Concepción Arenal, núm. 8, 4º piso, 36201 Vigo (Pontevedra).

Teléfonos: 986 81 77 16/986 81 70 06.

Correo electrónico: servizoxustiza.vi@xunta.gal

Oitavo. Para o suposto de que o persoal funcionario reingresado, do indicado no punto sétimo, tomase posesión antes dos días 20 ou 24 de xuño nun órgano xudicial en que haxa destinado outro persoal funcionario en activo, en servizos especiais ou en excedencia por coidado de familiares, ou outro persoal funcionario adscrito provisional que se deba

CVE-DOG: t50sfjv2-j522-e8f1-sbn3-g6vpu5kznrr7



trasladar ao obter un posto de traballo no concurso, non se seguirá a orde de cesamento establecida no punto quinto, senón que se deberá actuar do seguinte xeito:

a) O persoal funcionario reingresado tomará posesión.

b) O persoal funcionario en activo, en servizos especiais, en excedencia por coidado de familiares ou en adscrición provisional cesará o mesmo día da toma de posesión do reingresado, empezando a contarlle ao primeiro entón o prazo posesorio indicado no punto sexto.

c) Se o persoal funcionario cesado na alínea b) tomase posesión nun órgano xudicial ocupado por outro que aínda non cesou, actuarase de igual modo ca nas alíneas a) e b), e así sucesivamente.

Cando tome posesión o persoal funcionario en activo, en servizos especiais ou excedencia voluntaria por coidado de familiares, e non opte aínda por cesar, de ser o caso, ou por tomar posesión outro persoal funcionario que deba reingresar ou que estea adscrito provisional, deberase actuar da seguinte forma:

d) O persoal funcionario en activo, en servizos especiais ou en excedencia por coidado de familiares tomará posesión.

e) O persoal funcionario que deba reingresar ou que estea en adscrición provisional cesará, de ser o caso, ou optará por tomar posesión o mesmo día da toma de posesión do persoal funcionario en activo, en servizos especiais ou en excedencia por coidado de familiares, empezando a contarlle ao primeiro entón o prazo posesorio indicado no punto sétimo.

f) Se o persoal funcionario da alínea e), reingresado ou que estea adscrito provisional, cesado, de ser o caso, ou que opte por tomar posesión, tomase posesión nun órgano xudicial ocupado por outro que aínda non cesou, actuarase de igual modo que nos puntos d) e e), e así sucesivamente.

Noveno. A disposición adicional primeira da Lei orgánica 1/2025, do 2 de xaneiro, en materia de eficiencia do servizo público de xustiza, indica o seguinte:

«Mencións a xulgados e tribunais: unha vez constituídos e implantados de forma efectiva os tribunais de instancia, as mencións xenéricas que na Lei orgánica 6/1985, do 1

CVE-DOG: t50sfjv2-j522-e8f1-sbn3-g6vpu5kznrr7



de xullo, do poder xudicial, se fan aos xulgados e tribunais entenderanse referidas a estes últimos ou aos xuíces, as xuízas, os maxistrados e as maxistradas que serven neles. As referencias realizadas nas leis e no resto de disposicións do noso ordenamento xurídico aos xulgados de primeira instancia e instrución, de primeira instancia, do mercantil, de instrución, de violencia sobre a muller, do penal, de menores, de vixilancia penitenciaria, do contencioso-administrativo, do social entenderanse referidas ás seccións da orde xurisdiccional correspondente dos tribunais de instancia, de conformidade co previsto nesta lei. A mesma consideración terán as referencias aos xulgados centrais respecto das correspondentes seccións do tribunal central de instancia».

Polo anterior comunícase o seguinte:

1º. Cesamentos: produciñanse todos con anterioridade ao 1.7.2025, salvo os casos establecidos no punto sexto desta resolución, polo que a mención a xulgados e tribunais se entenderá referida aos órganos xudiciais anteriores á implantación dos tribunais de instancia. Nos supostos mencionados no punto sexto, que indica que o cesamento e o cómputo dos prazos posesorios se producirá cando finalicen os permisos ou licenzas, cando os cesamentos se produzan con posterioridade ao 1.7.2025, entenderanse referidos aos novos órganos constituídos e implantados con base na Lei orgánica 1/2025 mencionada.

2º. Posesións: nos casos en que as posesións se produzan con anterioridade ao 1.7.2025, a mención a xulgados e tribunais entenderase referida aos órganos xudiciais anteriores á implantación dos tribunais de instancia.

No suposto das posesións que se produzan con posterioridade ao 1.7.2025, a mención a xulgados e tribunais entenderase referida aos órganos novos constituídos e implantados con base na dita Lei orgánica 1/2025.

Décimo. Contra esta resolución poderase interpor recurso potestativo de reposición ante a Dirección Xeral de Xustiza no prazo dun mes, segundo o establecido nos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, ou recurso contencioso-administrativo ante o órgano competente da xurisdición contencioso-administrativa, no prazo de dous meses, segundo o disposto no artigo 14 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa, contado desde o día seguinte ao da súa publicación no *Boletín Oficial del Estado*.

CVE-DOG: t50sfjv2-j522-e8f1-sbn3-g6vpu5kznrr7



Nota aclaratoria. Advírtese que o anexo que contén os destinos que con carácter definitivo lles foron adxudicados aos funcionarios que participaron no concurso de traslados figura na publicación desta resolución no *Boletín Oficial del Estado*.

Santiago de Compostela, 5 de xuño de 2025

José Tronchoni Albert
Director xeral de Xustiza

CVE-DOG: t50sfjv2-j522-e8f1-sbh3-g6vpu5kznrr7

